O día 9 de xaneiro de 2009, nevou en Santiago de Compostela. Isto case nunca pasa e, cando sucede, todos estamos felices.

ALBA E ANTÓN. 6ºC

No colexio, todos xogabamos coa neve e, cando soou o timbre, todos entramos na aula tristes e, ó mesmo tempo, enfadados.

Cando chegamos á clase a nosa profesora, Matusa, díxonos que os alumnos de 6ºC iamos ir xogar coa neve. Primeiro xogamos coa pouca neve que había no patio e logo, fomos ó Campus. De camiño ó Campus, moitos nenos/as ían collendo neve dos coches e tirándolla a outros rapaces.

Xa no Campus, empezamos cunha batalla de neve, todos contra todos. Había xa uns rapaces de E.S.O. xogando con nós.

Cando xa nos cansamos, fixemos un pequeno boneco de neve. A profesora sacaba moitas fotos e nós disfrutamos moito e a pesar de que tiñamos frío e as mans conxeladas, a emoción e a ilusión eran maiores. Pareciamos nenos pequenos!

Cando volviamos ao colexio iamos contando o que pasara. O que máis se oía era: “Manolito lanzoume unha bóla de neve!”

Esta experiencia nunca a olvidarei porque... Xa é unha anécdota máis que contar.

ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALICIA

A rá de Santo Antón

A rá de Santo Antón é unha pequena rá duns 4,5 a 5 cm de lonxitude.

A súa pel facilmente recoñecible é de cor verde brillante e debe estar sempre úmida. Tamén presente unhas lias negras debuxadas ao longo das costas. O seu corpo é ovalado, a cabeza ancha, ollos prominentes de iris dourado e unha mancha marrón a cada lado.

Antigamente foron empregadas como barómetros debido a que croaban cando a choiva estaba preto.

Viven en territorios con auga permanente, onde abond a vexetación, ás marxes das pozas, lagos ou ríos de correntes lentas.

O apareamento ealízase durante a noite. A rá de Santo Antón, igual que ocorre coas poboacións europeas, sofre unha continuada regresión. As principais ameazas residen na destrución e desecación dos medios acuáticos que necesita para a reprodución, os pesticidas tamén acaban coa vida das larvas.

A lagarta da Serra

A lagarta da serra non é pequena. Mide 20cm.

O rabo é dúas terceiras partes do seu corpo. A súa cor varía moito segundo os lugares. O normal é que teña no lomo dúas liñas vertbrais escuras compostas de manchas redondeadas e desiguais sobre fondo amarelo e verdoso.

As cores son máis intensas no macho.

A súa dieta consiste en insectos e arañas. Entre os seus depredadores destacan as culebras e moitas aves. O seu modo de defensa é esconderse. Tamén pode perder o rabo para defenderse.

Habita en zonas montañosas, tamén en matogueiras, viñas, muros vellos e rochas en xeral en zonas secas e soleadas.

Está presente en toda Galiza agás en Pontevedra. Tamén en Asturias e Portugal na Serra da Estrela.

AARON, CELINE, EVELYN e PEDRO. 3ºC

ANTIA, MARIÑA, PAULA, SARA e XAVI. 3ºC

Publicidade

MAYSO
Telf. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
e-mail: maysolibreria@mundo-r.com
www.maysopapeleria.com.es
MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA
XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS

abraxas

AULA 25. Santiago de Chile 25. CP 15702. Tlf 981593655
AULA 25 D.E. Salvadas 37 baixo. CP 15705. Tlf 981554158
ABRAXAS. Rua Nova de Abaixo 3. CP 15706. Tlf 981592030
ABRAXAS. Montero Rios 50. CP 15706. Tlf 981580377